

# SAMAÍN, 2017


## MATERIAIS



CONTOS DE MEDO... OU NON

MANUALIDADES



 EQUIPO  
DINAMIZACIÓN  
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



CEIP GALÁN  
OSEIRO-ARTEIXO (A Coruña)

 Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Era o Samaín e chegou a noite.  
Todas as patacas foron á festa do Samaín e había unha pataca chamada Ámbar que non sabía que poñerse e comezou a mirar no roupeiro e viu que tiña un disfrace de bruxa e outro de pallaso.

E dixo:

-Pois o de pallaso servirá.

E foi á festa disfrazada de pallaso e cando comezaron os xogos a xente, ao ver o disfrace, asustouse moito, moito.

Pero a pesares do susto que levaron déronlle o premio ao mellor disfrace.



FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO.  
COLOREA

1.- Como se chamaba a pataca?


2.- De que foi disfrazada Ámbar?


3.- Que outro disfrace tiña a pataca no seu roupeiro?


4.- Que premio lle deron a Ámbar?


Érase unha noite moi escura. Un neno saíu a pasear e meteuse nun bosque embruxado.


Alí vivían pantasma xigantes, lobos de catorce cairos e con patas de cabalo, dragóns de tres cabezas e todo tipo de monstros.

Mentres o neno camiñaba ía escoitando ruídos raros e espantosos.

De súpeto, viu unha casa toda cuberta de larpeiradas e entrou a vela por curiosidade: era unha casa embruxada! Estaba chea de vampiros, teas de arañas e morcegos.

O neno descubriu que estaba perdido e morto de medo.

Escoitouse o ruído dunha porta que se abría soa: era a meiga malvada! A meiga botoulle un meigallo coa súa variña e o neno quedou convertido no seu servente para sempre xamais.



FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO. COLOREA

1.- Arrodea o nome de catro animais que aparecen no conto.



ARAÑA MORCEGO LOBO DRAGÓN

Érase unha vez uns nenos que foron pasear polo bosque e atoparon unha casa vella e enmeigada.

Os nenos decidiron entrar a vela e, ao entrar, atoparon uns montros horribles e noxentos e un cadro que tiña chantado un coitelo.


Os nenos tiñan que fuxir senón o monstro cravaríalles o coitelo.

Cando saíron da casa enmeigada foron polo bosque, atoparon o camiño correcto e puideron chegar á súa casa.

Cando entraron nela apareceron unhas bruxas cunhas bochas na punta do nariz.

Asustáronse moito, tanto que fuxiron de novo ao bosque sen saber que as bruxas eran os seus propios pais disfrazados.

1.- Fai un debuxo relacionado co conto e pinta.



# A NÉBOA TÓXICA DA FÁBRICA ABANDONADA

Laura Esmorís e Carla Añón, 6º A

Unha vez había dúas irmás mozas chamadas Laura e Carla.

Saíron da súa casa coa familia a festexar o Samaín en París e foron visitar unha fábrica de xemas... cheas de sangue!

Cando estaban na visita apareceu unha nube tóxica e quedaron pechados dentro da fábrica. A familia revisou toda a fábrica por se había algo que comer, pero non había nada de nada.

A nai dixo:

-A radio dixo que se respiras a néboa tóxica, morres nunha hora. vou ir por comida, pero morrerei.

-Non, ti non. que saia unha das nosas dúas fillas -dixo o pai.

-Papá, papá! -berraron as dúas irmás.

-Pos que saia o gato, que para iso disque ten sete vidas! -retrucou o pai.

-Miau? - contestou o gatiño.

E así foi como todos morreron de fame... por discutir máis da conta.

1.- Quen son os cinco protagonistas do conto? Debúxaos e coloreá.

---

Era unha noite escura e unha nena de oito anos tiña que ir soa para casa da súa avoa. Levaba moito medo pero dixo:

-Se non subo agora, despois terei máis medo.

Colleu valor e alá marchou.

Ía andando polo camiño e, de súpeto, escoitou un ruído raro. Encolléuselle o corazón. Quedou parada, pero viu que o do ruído era un gato e que o pobre tamén lle tiña medo a ela.



Seguiu andando e, cando xa case chegaba á casa da avoa, botou unha ollada ás silvas do camiño e volviu a tremer de medo: había unha luz que relucía!

Pero niso chegou a súa avoa que xa estaba estrañada de que tardara tanto.

-Non lle teñas medo a esa luz. É un vagalume -dixo a avoa.

-Que alivio -pensou a rapaza. Pero menos mal que cheguei.

1.- Debuxa os dous animais que lle deron medo á rapaza.



Este conto é dunha casa na que vivían un rapaz e os seus pais. Xa era case o Samaín e os pais decoraron a súa casa como todos os anos, pero esta vez colocaran algo novo: un esqueleto con traxe. Dende que o rapaz viu tal cousa xa non volveu ir máis ao salón porque lle daba medo, pero unha noite antes de Samaín o rapaz decidiu facerlle fronte aos seus medos e, lentamente e con moito coidado, foi ao salón. Achegouse ao esqueleto e, zas!, o esqueleto moveuse. O rapaz púxose a correr a fume de carozo cara ao dormitorio dos seus pais e contoulles que vira moverse o esqueleto. Os seus pais foron ver o que pasara e descubriron que o causante do movemento do esqueleto fora... o gato! E os tres riron como se non houbera mañá!

1.- Que novidade puxeron para decorar a casa este Samaín?

2.- Quen moveu o esqueleto?

3.- Debuxa o salón da casa co esqueleto con traxe.



Érase unha vez unha casa enmeigada e un neno foi visitala.

Cando abriu a porta viu luces apagadas e escoitou uns ruídos como se fose unha bruxa montada na súa vasoira.

O neno escoitaba aterrorizado e asustouse aínda máis cando viu que a porta se pechaba soa.

O neno comezou a chorar... pero a súa nai espertouno dun terrible pesadelo.

1.- En que ía montada a bruxa?


2.- Como se pechou a porta?


3.- Fai un debuxo que teña que ver co conto. Colorea.

--



Había unha vez un vampiro que podía cambiarse a morcego e un morcego que podía cambiarse a vampiro.

Tiñan un conto de bruxería co que facían o que querían.

Un bo día viñeron á súa casa dous visitantes: unha nena e o pai porque a nai estaba no traballo e non podía faltar.

A nena chamábase Diana e o pai Xaime.

-Ola -saudou o vampiro- Como vos chamades?

-Diana e Xaime.

-E a túa nai? -preguntou o vampiro.

-No traballo -dixo Diana.

-Aaaaaah! Quería coñecela. Como se chama?

-Carmen -respostou a nena.

-Queredes merendar? -dixo o vampiro

-Si. Un bocata moi grande. Vimos de Colombia.

-Pois teredes moita fame.

Despois de merendar xogaron a xogos terroríficos como a bruxos e vampiros, a chuchar sangue, a andar polo cemiterio... e ao final foron á casa enmeigada onde se despediron.


O pai e a nena foron buscar á nai, tomaron algo nunha cafetería, colleron o avión e ao chegar cearon e, por fin, foron durmir cada un á súa cama.

FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO. COLOREA

Érase unha vez unha manda de lobos salvaxes que foron ao pobo para comer á xente e dominar o mundo e así chegar a dominar o universo.

Queríanse transformar en monstros e poder así meter máis persoas na barriga, ser máis grandes e máis fortes. Tamén querían ser máis feroces e ter ollos vermellos e os cairos máis afiados e poderse meter nas casas da xente de todo o mundo para comela.

Tamén se alimentaban de morcegos, peixes e animais mamíferos e para beber... pois bebían o sangue dos animais!



FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO.  
COLOREA

1.- Que querían chegar a dominar a manda de lobos salvaxes?


2.- De que cor querían ter os ollos os lobos?


3.- De que animais se alimentaban?


Unha vez a un castelo foron uns visitantes.

Os visitantes metéronse dentro do castelo, pero non sabían que estaba ameigado.


Entón apareceu un vampiro. Era Drácula acompañado duns morcegos.

Os visitantes foron ao comedor e Drácula seguiuunos cos morcegos e intentou trabarlles o pescozo pero non puido, así que chamou ao seu amigo Home Lobo e iste si que comeu a un dos visitantes.

O resto fuxiu a uns dormitorios e entón unha bruxa enfeitizou a outro grupo de visitantes.

Aínda quedaban dous visitantes pero... apareceu un espírito que papou a un deles e o outro saíu correndo. Que pasará? Atraparán ao visitante que queda? Conseguirá fuxir? Sairá do castelo?... Saberédelo o vindeiro ano!

1.- Debuxa o castelo ameigado. Colorea.



Que foi iso? Estou na cama coa luz apagada. Os meus pais están durmindo na súa habitación. Pero este ruído...

Que foi iso? É unha respiración e agora está máis preto de min.

Cúbrome a cabeza para ver se se vai, pero segue aí. Cada vez máis e máis preto.


Quero berrar, chamar aos meus pais, pero non me sae a voz.

Decido armarme de valor e prender a luz: e aí estaba o meu can Bono que se quedara encerrado na miña habitación.

1.- Quen son os protagonistas deste conto?

2.- Onde sucede a acción? En que momento do día?

3.- Fai un debuxo relacionado co conto. Colorea.



Nun monte próximo naceu unha serpe moi fea. tiña os ollos vermellos e a pel moi negra.

Pasaron uns anos e a serpe medrou moito. Os nenos do pobo tíñanlle medo.

A serpe quería comelos e a un neno chegou a romperlle os pantalóns cos seus dentes.

Os rapaces xuntáronse e decidiron levarlle moitas larpeiradas ao monte e a serpe comeunas todas e... caéronlle os dentes e xa non podería facer máis dano aos nenos.

1.- Arrodea neste rebumbio o nome de cinco animais que teñen os dentes afiados, moi afiados.

<b>HIENA</b>	<b>MOUCHO</b>	<b>TIGRE</b>	<b>MIÑOCA</b>
<b>ABELLA</b>	<b>GRILO</b>	<b>CAN</b>	<b>BOLBORETA</b>
<b>OVELLA</b>	<b>PATO</b>	<b>QUENLLA</b>	<b>XOANIÑA</b>
<b>LEÓN</b>			

2.- Fai unha ilustración do conto. Colorea.



Érase unha vez un neno que se asustaba por calquera cousa, un auténtico cagariñas, que tiña que ir á festa de Larín co seu pai e que non quería ir, pero como o seu pai lle obrigaba...

Cando chegaron alí a el xa lle pasara o medo.

Ao seguinte día, pola mañá atopouse cunha cabaza de moi mal carácter, moi rosmona e que case lle traba na perna.


O neno comezou a correr pola casa, caíu e rompeu unha man. Seguí correndo e caeu de novo, esta vez onde había un coitelo e cravouno no cu e tivo que ir ao hospital a quitalo.

Á noite descubriron que a cabaza se movía porque tiña un rato dentro.

1.- A que festa ía o neno co seu pai?

2.- Como era o neno?

3.- Fai un debuxo relacionado co texto. Colorea.



Sara e os seus amigos foron ao bosque a celebrar a noite de Samaín. Que festaza! Moitas cabazas prendidas e disfraces moi, pero que moi feos. Estábano pasando pipa, cada un contaba un conto e o máis terrorífico gañaba. Cando ían polo último relato viron como por enriba deles voaba... unha pantasma!

-Que é iso? -dixo un dos amigos.

-Morro co medo! -berrou Sara.

-Ai, Xesús. Eu lisco de aquí -engadiu outro amigo.

Botaron a correr todos a fume de carozo. Ata ás cabazas lle saíron patas!

A pantasma seguiu berrando:

-Uh, uh, uuuh!

Detrás da pantasma, correndo, ía Maruxa.

-Agarda, moucho gatuñeiro! Devólveme a saba do meu tendal!

1.- Localiza neste rebumbio o nome das dúas protagonistas femininas.

<b>CAROLINA</b>	<b>MARUXA</b>		<b>LORENA</b>	<b>CARME</b>	<b>NOA</b>	<b>ANTÍA</b>	<b>ÁNXELA</b>
<b>HELENA</b>	<b>DORES</b>	<b>EVA</b>	<b>ANA</b>	<b>CLAUDIA</b>	<b>MARGARIDA</b>	<b>SARA</b>	<b>XULIA</b>

2.- Fai unha ilustración relacionada co texto. Colorea.



Hai moito tempo, ía un neno paseando polo bosque e perdeuse, ata que diante del apareceu unha casa abandonada e, como tiña fame, entrou.

Ao entrar viu unha muller preparando unha sopa e preguntoulle:

-Podo pasar?

-Si, si, pasa que xa está a comida feita -dixo a muller.


O neno, despois de cear e como tiña moito sono, botou unha sesta. Ao espertar viu unha bruxa nocturna e botouse a correr.

E despois de moito correr viu unha feira «con moitas persoas». Pero esas persoas non eran moi normais: batían unhas coas outras e todas querían trabarlle.

Para fuxir montou nunha nora e na mesma cesta había «unha persoa» á que non lle vía a cara. Cando esta se xirou viu que era un zombi, tirouse da cesta en marcha e...

1.- Inventa un final para este conto.

2.- Fai un debuxo relacionado co texto e colorea.





Había unha vez dúas irmás vampiras que se atoparon unha cabaza malvada que estaba estragando o universo.

Foron correndo a casa da súa avoa e encontraron o corpo da súa avoa no sofá pero coa cabeza da cabaza.

Ao seu carón estaba un libro cheo de feitiños e aberto por unha páxina na que se indicaba como se eliminaban as cabazas malvadas. As dúas irmás recitaron o feitiño e salvaron o universo, pero ao día seguinte, ao ir a vestirse atoparon un ollo no seu armario...



FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO. COLOREA.

1.- Que nomes poderían ter as dúas irmás vampiras?

2.- Que título cres que tería o libro dos feitiños? Quen sería o autor?

4.- Como cres que rematará esta historia da cabaza e do ollo no armario?

Había unha vez unha cabaza que estaba maldita porque unha bruxa lle botara un feitizo para que fora mala e que dominara o mundo. Pero houbo un fallo e a cabaza saíu boa.

Ela agasallaba con larpeiradas aos nenos, nenas mulleres e homes.

Era moi boa e todo o mundo a quería.

En Samaín disfrazouse e foi facer «truco ou trato» por todas as casas. Xuntouse con outros veciños que ían disfrazados de vampiros, momias, esqueletos... e ata de cabazas.

Os nenos e nenas van sempre á súa casa e a bruxa, ao ver isto, tamén se volveu boa.

1.- Completa e colorea o debuxo




Como todos os anos, a miña avoa Rosalía tiña unha leira chea de cabazas.

Eu e os meus curmáns decidimos ir buscar cabazas á súa horta xa que se achegaba o Samaín.

A idea era ir tallar as cabazas para facer unha festa e escorrentar os malos espíritos.

*A noite chegou  
e a festa comezou.  
A lúa alumeou  
e, de súpeto,  
unha cabaza rebentou.  
-Xesús! Que demo pasou?  
Ao trote escapamos  
e tanto susto levamos...  
que case nos cagamos!*

1.- Fai un debuxo relacionado co texto. Colorea.




Unha noite na casa da miña avoa eu estaba xogando na eira e o meu tío díxome que fora pechar a porta ás galiñas.

Cando a estaba pechando vin unha pantasma toda branca e marchei correndo para dentro da casa e co medo metido dentro do corpo.

Ao pouco tempo entrou na casa miña avoa cunhas sabas brancas por riba e díxome:

-Son eu, a túa avoa, que veño de recoller a roupa de cama.

-Avoa, non o volvas facer nunca máis -respondinlle eu aínda, tremendo co medo.



FAI UN DEBUXO RELACIONADO CO TEXTO.  
COLOREA

1.- Onde estaba xogando?








2.- A quen lle foi pechar a porta?


3.- De que cor era a pantasma?


4.- Que viña de recoller a avoa?



# TRES EN RAIA

Colorea os debuxos e o taboleiro. Recorta as fichas... e a xogar ao tres en raia!





# UNHAS SOMBRAS DE MEDO!

Pinta de negro os gatos. Recórtaos e pégalles unha palliña por detrás.



## CATRO PINS ARREPIANTES

Colorea os debuxos. Recórtaos e pégalles unha pinza pequena pola parte posterior.



# UNHA GRILANDA DE CABAZAS

Colorea as cabazas, recórtaas, pégaas nun fío e xa tes a túa grilanda de cabazas para o Samaín.





# UNHA GRILANDA DE ARAÑAS

Colorea as arañas, recórtaas, pégaas nun fío e xa tes a túa grilanda de arañas peludas para o Samaín.

